

**BASES
CONCURSO-DESFILE DE ENTROIDO 2017**

1º.- O Concello de Marín, a través da Concellería de Cultura publica as bases para participar no Concurso-Desfile, acto principal do "Entroido 2017", que se vai celebrar o domingo 26 de febreiro. . O ámbito competencial de referencia para xustificar a intervección municipal sostense na previsión contida no artigo 25.2.m) en relación á promoción da cultura e equipamentos culturais, da lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

A concentración dos/as participantes será ás 16:00 horas na praza do Regueiro, diante dos bares; e logo desfilará polas seguintes rúas: Praza do Regueiro, avda. de Ourense, praza de España, rúa Almuiña, avda. Jaime Janer, rúa Concepción Arenal, e ao chegar ao parque Eguren rematará.

Ó remate, no Parque Eguren, o xurado dará a coñecer os/as gañadores/as dos premios, elixidos entre aqueles que ademais do disfraz transmitiran a súa ledicia, troula e ánimo propios do Entroido ao longo do percorrido

2º.- Poderán participar todos os que se inscriban nalgunha das seguintes categorías:

Individuais

Parellas

Grupos

Comparsas

Non se poderán inscribir en mais dunha categoría.

Para poderen participar no desfile, deberán inscribirse a partir do luns 06.02.2017 e ata o xoves 23.02.2017, no Museo Municipal Manuel Torres, en horario de mañá de luns a domingo de 11:00 a 14:00 h. Porén, o domingo 26.02.2017, habilitarase unha mesa de inscrición, nas inmediacións da praza do Regueiro, desde as 16:00h ás 16:45h.

3º.- Contía dos premios:

PREMIOS	INDIVIDUAIS	PARELLAS	GRUPOS	COMPARSAS
1º.	125,00 €	225,00 €	700,00 €	1.200,00 €
2º.	75,00 €	125,00 €	600,00 €	900,00 €
3º.	50,00 €	100,00 €	500,00 €	600,00 €
4º.	---	---	400,00 €	400,00 €
5º.	---	---	300,00 €	300,00 €
6º.	---	---	200,00 €	200,00 €
7º.	---	---	150,00 €	---
8º.	---	---	100,00 €	---

Haberá ata 5 axudas de 100 €, para as comparsas que inscritas antes do xoves 23 de febreiro non acadaran premio ningún

O importe máximo dos premios, enriba referidos, a repartir será de 7.750,00 € arriba . O pago farase cun cheque do importe exacto do premio que se entregara o mesmo día.

Para contías superiores a 300,00€ cando un perceptor sexa persoa física reterase o previsto na normativa de aplicación.

Non se poderán inscribir no concurso as comparsas marinenses nin os seus compoñentes, que acordaren as actuacións co Concello para animación das rúas de Marín e as parroquias durante o Entroido.

5º.- Nos concursos puntuarase de 0 a 5 puntos de acordo cos seguintes criterios:

Individual	Orixinalidade
Parella	Vestiario
Grupo	Actitude
Comparsa	tamén puntúa o ritmo e a animación.

6º.- Todos os rapaces e rapazas de menos de 14 anos poden desfilar pero sen optar a premio neste desfile.

7º.- Estas bases estarán a disposición de calquera persoa no Museo Torres, no Concello de Marín, e na www.concellodemarin.es. Asemade, contase coa colaboración na súa difusión cos medios de comunicación.

8º.- Por razóns de seguridade non se desfilará con animais sen a previa autorización por parte da organización.

REQUISITOS PARA SE INSCRIBIR COMO COMPARSA:

Estar composta, como mínimo, por 25 compoñentes disfrazados.

Levarán, no desfile, música en directo, con ritmo, acompañada de coreografía (baile), durante todo o percorrido. Non se poderá interpretar con instrumentos eléctricos ou electrónicos, non se poderá amplificar o son mediante dispositivos que funcionen con enerxía eléctrica, nin reproducir música gravada. Non se entende como música tocar un instrumento (tambores, timbais, etc.) sen sentido do ritmo, facelo soar de calquera maneira, nin se entende como baile ir brincando ou correndo dun lado para outro, ou que se realice de forma individual e ao libre albedrío de cada un dos compoñentes da comparsa.

O vestiario deberá ser vistoso, colorido, orixinal e acorde en todos os membros da comparsa ao motivo que representa. Non se considera como vestiario de comparsa que cada uno dos seus membros vista de calquera xeito, agás que o motivo representado así o esixa.

Deben desfilar a pé un mínimo do 70% dos compoñentes inscritos, durante todo o percorrido,

A documentación necesaria para se inscribir como comparsa:

Folla de inscrición debidamente cuberta.

Copia do DNI do representante da comparsa

Declaración xurada de non perseguir coa actividade finalidade lucrativa algunha.

Certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social

No caso de ser asociación rexistrada, nº de rexistro; no caso de non o ser, folla de firmas cuberta e completa segundo o anexo 1.

REQUISITOS PARA SE INSCRIBIR COMO COMPARSA DE MARÍN

Para optar ao cobro sen participación en concurso, a comparsa debera cumprir, ademais dos requisitos esixidos na inscrición de comparsa, os seguintes:

Estar composta polo menos nun 60% de residentes ou censados no concello, o que se acreditará cubrindo a ficha de inscrición con nome, apelidos, data de nacemento e DNI de cada un/unha dos/as compoñentes, que será presentada con antelación no Museo Manuel Torres.

Dous terzos do total de compoñentes da comparsa inscritos deberan ser maiores de 14 anos e levar música en directo.

Pago ás comparsas de Marín

As comparsas de Marín poderán acordar co concello as súas actuacións cun pagamento único por unha contía de 1.500,00 € se participan nos seguintes actos:

Domingo 26 de febreiro.

Dende as 11:00h ata as 12:45h na alameda para amenizar coa música e baile.

Participar no desfile da tarde.

Desfile de Seixo: o sábado 4 de marzo, ás 17:00h.

Desfile en San Xulián: o domingo 26 de marzo ás 17:00h.

Modalidade de participación para as comparsas de Marín		IMPORTE
1	Mañá: música, baile e paseo	
2	Tarde: desfile	
3	Desfile seixo	
4	Desfile san Xulián	
Total.....		1500 €

No caso de non iren ao desfile de Seixo, ou ao desfile de San Xulian, descontaranse 200 € por cada unha das actuacións.

No caso de asistir tamén ao Enterro da Sardiña, daráselle 200 € máis.

A contía máxima dos premios a repartir será de 5.100 €, contando cun máximo de 3 comparsas marinenses. No caso de que o número de comparsas de Marín preinscricións supere o límite establecido, o comité de festexos resérvase o dereito de seleccionar as comparsas participantes neste acordo.

Para contías superiores a 300,00€, cando un perceptor sexa persoa física, reterase o previsto na normativa de aplicación.

REQUISITOS PARA SE INSCRIBIR COMO GRUPO

Ademais dos requisitos esixidos na inscrición deberá cumprir os seguintes:
Deberá compoñerse polo menos por 3 persoas maiores de 14 anos.
O grupo, no seu conxunto, debe facer alusión a un tema concreto.
O vestiario e demais accesorios deben representar o tema elixido.
Poderán desfilan a pé ou en plataformas móbiles.
Poderán ir acompañados de música ou son gravado.

REQUISITOS PARA SE INSCRIBIR COMO PARELLA

Ademais dos requisitos esixidos na inscrición deberá cumprir os seguintes:
Ámbolos disfraces deben estar relacionados cun mesmo motivo.

REQUISITOS PARA SE INSCRIBIR COMO INDIVIDUAL

Ademais dos requisitos esixidos na inscrición deberá cumprir os seguintes:
Ir disfrazado e desfilan con ledicia e troula transmitindo enerxía.

XURADO

Estará presidido por un funcionario municipal, ademais da concelleira de Cultura e de outros membros que se integran no eido socio-cultural.

A Comisión do Entroido, ou as persoas nas que esta delegue, terán a facultade de **descualificar a calquera participante**, das distintas categorías, se rematado o desfile se demostrar que incumpriu algunha das bases. Asemade, pode anular o pago total ou parcial a unha comparsa se aprecia que a mesma non cumpre cun mínimo de membros da formación en cada actuación (non poderán faltar máis dun 10% dos/as seus/súas compoñentes) así como cumprir cuns mínimos de calidade en canto a vestiario, música, baile, carroza etc.

CLIMATOLOXÍA

No caso de mal tempo, o desfile aprazarase para o mércores 29.02.2017, a mesma hora. E de non poder ser, por causas da previsión do tempo, a comisión poderá aprazar a unha fecha posterior ou anular definitivamente.

Para máis información no Museo Municipal M. Torres, tfno.: 986 881 186 .
Correo E. : HYPERLINK "mailto:museo.torres@concellodemarin.es" museo.torres@concellodemarin.es.
E na páx Web: www.concellodemarin.es

Marín, Xaneiro 2017.

CONCELLO DE MARIN

EMBED MSPhotoEd.3